



## ACTA DO XURADO POLO QUE SE EVALÚAN OS TRABALLOS PRESENTADOS Á CONVO-CATORIA DOS PREMIOS ERNESTINA OTERO SESTELO 2018

Na Sala de Reunións da planta baixa do Edificio Administrativo do Concello de Pontevedra (Rúa Michelena 30), sendo ás 19.00 horas do día 24 de setembro de 2018, réunese o Xurado para a avaliación dos traballos presentados á convocatoria dos Premios Ernestina Otero Sestelo 2018, estando integrado dito xurado polas seguintes persoas:

Directora do CIM do Concello de Pontevedra: Rosa María Campos Briones.

- Representantes do Concello de Pontevedra: María do Carme Fouces Díaz, Pilar Comesaña Hermida, Vanesa Estévez Baquero, María dos Anxos Riveiro Portela, María Carmen da Silva Méndez.

- Representantes do ámbito educativo: Manuel Puga Pereira, Luisa Márquez Rodríguez, Ángeles Parrilla Latas, Manuel Morquecho Barral e M<sup>a</sup> Jesús Enguíanos Floreani,

co seguinte e **único punto da orde do día**

**Conceder os Premios Ernestina Otero Sestelo 2018**, para a incorporación da perspectiva de xénero nos centros educativos do Concello de Pontevedra.

Segundo as bases reguladoras da convocatoria concederanse dous premios nas dúas categorías propostas e cunha dotación económica de 900€ e 500€ respectivamente.

Unha vez debatido o contido dos traballos ACÓRDASE por maioría dos membros do xurado conceder os premios ás seguintes candidaturas:

### **Categoría A: Educación infantil e primaria.**

**Primeiro premio:** Por traballar a perspectiva de xénero nas aulas de infantil a través dos contos, analizando os distintos roles e características de protagonistas femininas e masculinos, fomentando o espírito crítico ante os estereotipos de xénero e por aplicar o método científico en alumnado de 5 anos, concédese o primeiro premio ao proxecto “Contos de mulleres. Como son elas na vida real?” do CEIP San Martiño.

**Segundo premio:** Por mobilizar a toda a comunidade educativa, especialmente ás familias, na recuperación e visibilización das aportacións das mulleres en todos os ámbitos empregando unha metodoloxía activa, interdisciplinaria e de traballo cooperativo, concédese o segundo premio ao proxecto “Mulleres que contan: historias de mulleres que non son de conto pero que son de contar” do CEIP San Martiño.

### **Categoría B: Educación secundaria e postobrigatoria non universitaria.**

**Primeiro premio:** Por ser un proxecto que abrangue unha ampla variedade das actividades realizadas por iniciativa do propio alumnado, ter conseguido asentarse como unha organización permanente cunha presenza continuada na vida do centro ao longo do curso e proxectarse aos cursos seguintes, pola visibilización de formas de violencia e discriminación que estaban normalizadas dentro das propias aulas, a labor de concienciación e educación realizada dentro da comunidade educativa e a difusión do proxecto a través das redes sociais, concédese o primeiro premio ao proxecto “NEOFEM Luis Seoane” do IES Luis Seoane.

**Segundo premio:** Pola implicación e participación activa de todo o alumnado e profesorado da ESO, de todos os cursos e asignaturas, por dar a coñecer a aquelas mulleres que contribuíron nos distintos ámbitos do coñecemento e das artes, por concienciar da presenza das mulleres

como elemento transformador da sociedade de calquera época ou tempo, rompendo con este-reotipos sexistas e valorando as achegas das mulleres, pola difusión pública do proxecto a través das redes sociais e a orixinalidade do produto educativo final, concédese o segundo premio ao proxecto "Táboa periódica de mulleres. Menudas elementas!" do IES Torrente Ballester.

O Xurado aproba por unanimidade conceder un **áccesit** ao proxecto "Elas pintan na arte" do IES Frei Martín Sarmiento, dotado cun lote de material, polo traballo de rescatar e dar a coñecer as mulleres creadoras que tradicionalmente foron invisibilizadas nun sector tan masculinizado como o artístico, a variedade das actividades realizadas e pola permanencia do proxecto ao longo do curso e a súa proxección de continuidade en varios cursos académicos seguidos.

E non sendo outro o motivo deste acto, dase por terminado o mesmo ás 20.10 horas, no lugar e data sinalados, en Pontevedra a 24 de setembro de 2018.

Directora do CIM,

Asdo. Rosa Campos Briones  
Hermida

Asdo. Carme Fouces Díaz

Asdo. Pilar Comesaña

Asdo. Vanesa Estévez Baquero

Asdo. M<sup>a</sup> dos Anxos Riveiro Portela

Asdo. M<sup>a</sup> Carmen da Silva Méndez

Asdo. Manuel Puga Pereira  
Latas

Asdo. Luisa Márquez Rodríguez

Asdo. Ángeles Parrilla

Asdo. Manuel Morquecho Barral

Asdo. M<sup>a</sup> Jesús Enguídanos Floreani